



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A **II Edición de Galicia Open Future**, o centro de emprendemento posto en marcha por Telefónica en colaboración coa Xunta de Galicia, a través da **Axencia Galega de Innovación (GAIN)**, a **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)** e o **Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)**, acadou a súa fase final, coa selección de tres proxectos empresariais innovadores, que recibirán unha achega por parte da GAIN de **25.000 euros**, e accederán a un **préstamo reembolsable** concedido por XesGalicia por un valor máximo doutros 25.000 euros.

A selección para pasar a esta última fase realizouse despois de que os 50 proxectos seleccionados para esta II Edición, participasen nun **programa de capacitación, titorización e mentorizaxe** que se desenvolveu ao longo dos últimos 6 meses. Finalizada esta etapa, un xurado de expertos seleccionou aos **tres proxectos gañadores**, en función da súa achega aos sectores estratéxicos de Galicia, a súa innovación, o potencial de mercado, o grao de maduración e a súa viabilidade, ademais da súa composición multidisciplinaria, motivación e o uso de tecnoloxía diferencial. Estes proxectos son (por orde alfabética):

Autofarm: Sistema domótico para granxas que, a través da automatización e control de temperatura, alimentación e outras variables, permite ao gandeiro controlar a tempo real as súas instalación e mellorar así a convertibilidade do gando.

MD Use Innovative Solutions: software de modelado molecular que aporta información estrutural e dinámica e que serve de complemento á análise e predición de resultados de experimentos

en laboratorios, para aforrar tempos e custes de investigación a múltiples sectores.

Setpay: TPV móbil que facilita a empresas e autónomos aceptar pagos con tarxeta en calquera momento e lugar, baixo unhas condicións moi flexibles e cun ecosistema de servizos engadidos.

GAIN participou ao longo de todo o proceso de selección e aceleración de Galicia Open Future e continuará dando apoio e seguimento aos proxectos non seleccionados, dentro do seu marco de actuacións encamiñadas a favorecer o desenvolvemento e consolidación de iniciativas empresariais innovadoras en Galicia.

Por último, cómpre resaltar que ata o vindeiro 15 de abril ás 14 horas, está **aberto o prazo para a presentación de solicitudes de participación na III Edición de Galicia Open Future**, que se desenvolverá neste 2016 e que acollerá a outras 50 iniciativas empresariais. Podes inscribirte e obter máis información deste programa neste enlace <http://galicia.openfuture.org/>, nos enderezos electrónicos servizos.gain@xunta.es ou galicia@openfuture.org, e nos teléfonos **981957008 / 981957003**.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.